

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 08 Outubro 2012 23:22

---



A coalición electoral [formada pola agrupación nacionalista ANOVA e Esquerda Unida](#), estrea a campaña electoral na bisbarra cun acto este vindeiro mércores 10 de outubro na Praza de Abastos de Baiona. O acto político dará comezo ás 20:30 horas no "Multiusos Angel Bedriñana" no citado edificio. Durante o mitin presentaranse as propostas de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), por parte dos candidatos pola provincia, Xosé Antonio Araújo (ANOVA- Gondomar), José Cuevas (EU- Nigrán), e pechará o acto o historiador e arqueólogo nacionalista Xosé Lois Vilar.

A coalición que lideran no autonómico o veterano político nacionalista Xosé Manuel Beiras e Yolanda Díaz de EU, tamén estreou unha [páxina web](#) na que, ademais da información sobre programas e actividades, presenta [unha enquisa aberta](#): "Participación Cidadá: Que medidas cres que deberían ser as primeiras en presentarse no Parlamento?".

Por outra banda, a coalición que ten unha aposta importante na circulación de información nas redes sociais, presenta os "hashtags" #HaiAlternativa (centrado nas propostas) e #HaiQueParalos, dirixido á participación cidadá.